


4 de abril de 2010. A explotación, promovida por **Picobello Andalucita S.L.**, de capital británico e surafricano, xa fora rexeitada pola anterior Xunta polos impactos no Parque Natural das Fragas do Eume. Agora, logo de modificacións "cosméticas", a administración aprobou a DIA da **mina a ceo aberto** que degradará aínda máis as maltreitas Fragas do Eume. A contorna -o monte Fontardión, no alto Belelle- é unha zona ben conservada hábitat de especies protexidas como a tartaraña cincenta ou o bufo real (só 10 parellas en Galiza) e que debería funcionar como **corredor ecolóxico** entre o LIC Xubia-Castro e o Parque Natural do Eume. A explotación fica uns metros fóra destes espazos mais os impactos (arrastres, perda e degradación dos hábitats, desfeita paisaxística) non entenden de fronteiras administrativas. E todo para que o a andalucita, mineral utilizado na fabricación de **tixolos**, vaia fóra do país, ao estilo dun **neocolonialismo "anglo-boer"**.


Rede Natura Actual
(Xubia-Castro)
Proposta nova RN
(Ampliación LIC Xubia-Castro)
Concello d'A Capela
Concello d'As Pontes
Proposta nova RN
(Ampliación LIC Fragas do Eume)
Mina a ceo aberto
"Picobello Andalucita"
Rede Natura Actual (Fragas do Eume)
Concello de Monfero
1 km